



BOP

30 DE JUNIO DE 2009

Nº 148

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

Excma. Deputación Provincial

Anuncio de adjudicación definitiva

1. LICITACIÓN.

a) Denominación do contrato: CASTRO DE REI.- SANEADO DE PLATAFORMA, DRENAJE E REPOSICION DO FIRME C.P. 17-06 DE FERIA DEL MONTE A CASTRO P.K. 8,650/ 10,800.

b) Tipo de contrato: OBRAS.

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN.

199.920 euros y 31.987,20 en concepto de IVE.

4. DATOS DA ADXUDICACIÓN.

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.

c) Data de adjudicación: 25 de xuño de 2009.

d) Prezo total de adjudicación: 199.920 euros e 31.987,20 euros.

5. ADXUDICATARIO.

CONSTR. LEONARDO MIGUELEZ, S.L.

Lugo, a 25 de xuño de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario Xeral, Faustino Martínez Fernández.

R. 03625

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 23 DE XUÑO DE 2009, POLA QUE SE APROBAN AS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATAS, HORAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE CAPATAZ, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2008, ACCESO LIBRE.

O Ilmo. Sr. Presidente ditou, en data 23 de xuño de 2009, a seguinte Resolución:

“De acordo coas bases xerais 8ª e 9ª que rexen a convocatoria para prover, polo sistema de oposición, unha praza de capataz, escala admón. especial, subescala servizos especiais, persoal de oficios, grupo C, subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego 2008, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 036 de 13 de febreiro de 2009 (corrección de erros BOP nº 45, de 25 de febreiro de 2009), esta Presidencia RESOLVE:

1º APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

A) ADMITIDOS.

Nº	APELIDOS E NOME
1	BLANCO BLANCO, JOSÉ LUIS
2	CASTRO COLLAZO, ÓSCAR
3	DEIROS PARDO, MANUEL
4	DIGÓN QUIROGA, JAVIER
5	FERNÁNDEZ LÓPEZ, AQUILINO
6	FERNÁNDEZ SIERRA, JORGE
7	GARCÍA GONZÁLEZ, JOSÉ EDUARDO

8	GARCÍA SAL, CARMEN
9	LÓPEZ ARIAS, LUIS MIGUEL
10	LÓPEZ FERNÁNDEZ, M ^a PAZ
11	LÓPEZ LÓPEZ, TANIA
12	NOTARIO IGLESIAS, LUIS MIGUEL
13	PÉREZ RELLÁN, TEOLINDO
14	QUINTANA BERNARDO, LUIS
15	REGUEIRO BLANCO, JAVIER
16	RODRÍGUEZ BUIDE, XOSÉ
17	SALGUEIRO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS
18	SEOANE VÁZQUEZ, JESÚS MANUEL
19	TOMÉ FERREIRO, JESÚS
20	VÁZQUEZ LISTA, MONTSERRAT

B) EXCLUIDOS:

APELIDOS E NOME	CAUSA DE EXCLUSIÓN
PULIDO LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	NON ACREDITAR ESTAR EN POSESIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA (BASE: CARNET DE CONDUCIR CLASE B1)
EXTREMEIRO RODRÍGUEZ, JOSÉ	NON ACREDITAR ESTAR EN POSESIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA (BASE: CARNET DE CONDUCIR CLASE B1)

2º.- NOMEAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR INTEGRADO POR:
PRESIDENTE.-

Titular.- D. Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

Suplente.- D. Arximiro Fernández Arias, Técnico de Recursos Humanos.

VOGAIS.-

Titular: D. José Antonio Mondelo Rodríguez, Adxunto Xefe do Servizo de Construcións e Obras Novas.

Suplente: D. Francisco J. Ruiz del Olmo y Barba, Adxunto, Xefe do Servizo de Explotación, Mantemento e Conservación.

Titular: D. Juan José Fernández Granda, Capataz do Servizo de Expropiacións.

Suplente: D. José Luis Núñez Vázquez, Capataz do Servizo de Vías e Obras.

Titular: D^a M^a del Pilar Piñeiro Vázquez, Xefa Negociado I, Intervención.Suplente: D^a Elisa González López, administrativo adscrita á Sección de Actas e Asuntos Xerais.

SECRETARIO.-

Titular.- D. Faustino Martínez Fernández, Secretario de la Excma. Diputación Provincial de Lugo.

Suplente.- D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor Asesor a Concellos.

3º CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL ANTES MENCIONADOS PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN VERDE DO PAZO PROVINCIAL O XOVES, DÍA 9 DE XULLO DE 2009, ÁS DEZASETE HORAS PARA A SÚA CONSTITUCIÓN.

4º CITAR AO TRIBUNAL CUALIFICADOR E AOS ASPIRANTES PARA QUE COMPAREZAN PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN O XOVES, DÍA 16 DE XULLO DE 2009, ÁS DEZASETE HORAS NAS AULAS DE FORMACIÓN DO PAZO PROVINCIAL.

A presente resolución, que tamén estará exposta no taboleiro de edictos e na páxina web desta Entidade, publicarse en cumprimento do establecido nas bases 6ª e 7ª. As impugnacións a mesma, cando teñan por causa as

listas de admitidos e excluídos, formularanse conforme ao establecido na base 8ª; de non presentarse reclamación a lista provisional considerarase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Non obstante, os interesados poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 107.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, xa citada”.

Pazo Provincial de Lugo, 23 de xuño de 2009.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 03645

Administración General del Estado

SUBDELEGACION DEL GOBIERNO EN LUGO

De conformidade con el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4/1999 se hacen públicas las resoluciones recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, y acordadas por esta Subdelegación del Gobierno a los sancionados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación al art. 61 de la citada Ley.

Contra dichas resoluciones podrán interponer recurso de alzada ante el Excmo. Sr. Ministro del Interior, dentro del plazo de un mes, contado desde el día siguiente de la publicación de los presentes actos en el B.O.P. del último domicilio conocido de los encartados. Al propio tiempo se significa que transcurrido dicho término sin que la sanción haya sido recurrida o abonada y siendo firme en vía administrativa, se ejercerán las facultades subsidiarias reservadas a la Autoridad para mantener la efectividad de la sanción procediendo a su exacción por la vía ejecutiva.

EXPT.	INTERESADO Y DOMICILIO	LEGISLACION INFRINGIDA	SANCION
2257/08.-	Daniel Palacio Pan.-Avda. Pascual Veiga, 56 2º.-CORUÑA (A).	25.1 L.O.1/92	360 eur. e inc.
1/09.-	Iván Alunda Jiménez.-Lg. Viviendas Protegidas-Tuilla-La Felguera, 33 bj.AVILES (Asturias)	23.a) L.O.1/92	310 eur. e inc.
37/09.-	Fco. Javier Belda Fernández.-Rua Castela, 37-4º.-LUGO	26.i) L.O.1/92	90 eur..
38/09.-	Abdelkaber Kounjaa.-C/.Burgos, 31 4º B.-PARLA (Madrid)	26.i) L.O.1/92	120 eur.
43/09.-	José Ramón Iglesias Pardeiro.-C/.Monforte, 19 bj.-LUGO	26.i) L.O.1/92	120 eur.
71/09.-	Fernando Marcos Fernández.-C/.Bola, 6.-EL ESCORIAL (Madrid)	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
77/09.-	Armando Encabo Loraque.-C/.Islas Canarias, 58.-POZUELO DE ALARCON (Madrid)	25.1) L.O.1/92	310 eur.e inc.
81/09.-	Tomás Sánchez Montes.-C/.García Moreno, 27-29.-SALAMANCA	25.1) L.O.1/92	310 eur.e inc.
86/09.-	Iván Real Suarez.-Avda.Fontiñas, 164 A 1º.-LUGO	26.h)) L.O.1/92	90 eur.
87/09.-	Jesús González Varela.-Avda.Américas, 110 5º B.-LUGO	26.f) L.O.1/92	120 eur.
93/08.-	Ramón Luis Rodríguez Lage.-Ctra. Casanova-Celeiro, 12.-VIVEIRO (Lugo)	25.1) L.O.1/92	420 eur. e inc.
100/09.-	Ibán Alejandro Maneiros Rodríguez.-Travesía Inferniño, 2-2º .-FERROL (A Coruña)	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
106/09.-	Fco. Javier Ripio Monell.-C/.Calatrava, 58 1º at.-BARCELONA	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
117/09.-	Manuel García Mejías.-C/.Josep Capo, 2 1 bj.-STA.MARIA DEL CAMI (Baleares)	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
119/09.-	Cristóbal Jiménez Hernández.-C/.viñuela, 6.-PINOFRANQUEADO (Cáceres).	25.1) L.O.1/92	410 eur. e inc.
130/09.-	Xorxe Castro Cabana.-Av. da Mariña, 38 6º A.-FOZ (Lugo)	26.i) L.O.1/92	90 eur.
140/09.-	Angel Manuel Castro Souto.-C/.San Esteban de Árbol-El Santo, 90.-VILALBA (Lugo)	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
145/09.-	Luis Baeza Plaza.-C/.Las Redes, 13-Veneria, 2.-Bugalow-Playa de San Juan, 45.-ALICANTE	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
149/09.-	Iván Blanco Ben.-C/.Rio 1-1º.-LALIN (Pontevedra)	25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
154/09.-	Jesús González Varela.-Avd. Américas, 110 5º B.-LUGO	26.f) L.O.1/92	90 eur.
157/09.-	Rubén Enríquez Raido.-Rua Castilla, 16 bj.-PONTES DE GARCIA RGUEZ. (A Coruña)	25.1) L.O.1/92	370 eur. e inc.
159/09.-	Juan Frc. García Carrera.-Avda. La Plata, 16.-VALENCIA	25.1) L.O.1/92	310 eur. e
165/09.-	Iñaki Martín Escriche.-Urb. Flores, 13º es.3, 3º.-HOSPITALET DE LLOBREGAT (Barcelona).	25.1) L.O.1/92	370 eur. e inc.

172/09.-Batolome Sala Flores.-C/.Soria, 14 , 4º p. 2.-BARCELONA 26.i) L.O.1/92	90 eur.
175/09.-Jacobó Tabeada Carrera.-Avd. das Américas, 53 4º D.-LUGO .-26.i) L.O.1/92	60 eur.
178/09.-José Manuel Casteleiro López.- Val-Quinta s/n.-NARON (A Coruña) 25.1) L.O.1/92	370 eur. e inc.
182/09.-Daniel González Altozano.-C/.Padre Barranco, 36,bq. 10 3º 6.- VALENCIA 25.1) L.O.1/92	900 eur. e inc.
203/09.-José Angel Rodríguez Conde.-vilanova dos Infantes, s/n.-CELANOVA (Ourense) 25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
215/09.-Victor Souto González.-C/. Alfredo Brañas, 14 B.-LUGO 23.a) L.O.1/92	301 eur. e inc.
224/09.-Marcelino Moreira Silva.-Avd. Arcadio Pardiñas, 130-2º C.-BURELA (Lugo) 23.a) L.O.1/92	310 eur. e inc.
237/09.-Rubén Rodríguez Alonso.-C/.Arco del Amparo, 2 3º izd. BURGOS 25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
243/09.-Daniel Vázquez Blanco.-Rua Progreso, 70 21 izd..-OURENSE 25.1) L.O.1/92	480 eur. e inc.
247/09.-José Manuel Sánchez García.-C/.Miguel Server, 22 1º.-SESTAO (Vizcaya) 25.1) L.O.1/92	310 eur. e inc.
252/09.-Maria Luisa Camino Méndez.-Ronda das Fontiñas, 222, 2º C.-LUGO 25.1) L.O.1/92	480 eur. e inc.
402/09.-Armindo de Brito Varela.-Avda. Arcadio Pardiñas, 50.-BURELA 26.i) L.O.1/92	90 eur.
477/09.-Javier Alves Conde.-C/.Manuel Rodríguez, 8 1º P.-PORRIÑO (Pontevedra) 23.a) L.O.1/92	310 eur. e inc.
490/09.-Antonio Carlos Pereira Goncalves.-C/.Real, 75 2º .-BURELA (Lugo) 23.a) L.O.1/92	310 eur. e inc.

Lugo, 22 de junio de 2009.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe.

R. 03636

AYUNTAMIENTOS

BALEIRA

Anuncio

Aprobado por Resolución de Alcaldía de data 22 de xuño de 2009 o proxecto da obra "acondicionamento e mellora de accesos nos núcleos de Vilar dos Adrios e A Pasada", correspondente ó P.O.S. 2009 redactado polo enxeñeiro de camiños D. José Enrique Cacicedo Herrero, cun orzamento de 58.019,06 euros, exponse ó público na Secretaría deste Concello por prazo de vinte días ós efectos do seu exame e reclamacións.

Baleira, 22 de xuño de 2009.- O Alcalde, Francisco Acal Eiros.

R. 03615

BECERREA

Información pública

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións, e así dispoñelo o acordo de aprobación provisoria de data 30 de abril de 2009 de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento da licenza de apertura de establecementos, a medio da presente, publícase o devandito acordo na súa parte dispositiva e o texto íntegro da modificación da ordenanza en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

"Resultando preciso empregar los recursos económicos que establece o artigo 2.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entre os que se encontra o referido tributo, tramitouse o expediente administrativo para a aprobación da modificación da mencionada ordenanza.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención e demais que figuran no expediente, acórdase o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar, provisoriamente, a modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DA LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, segundo á memoria que encabeza o expediente, en consonancia co disposto no artigo 16 do citado Texto Refundido e nos seguintes termos:

"ARTIGO 1.-

Modifícase o artigo 6 da referida ordenanza que queda redactado como segue:

ARTIGO 6.- CUOTA TRIBUTARIA.

1.- As licenzas de apertura previstas no artigo 2 que non teñan sinalada cuota especial, será o 100% da base imponible prevista no artigo 5.1 da presente ordenanza.

2.- Nos supostos do artigo 5.2 a cuota tributaria liquidase mediante a aplicación á base imponible, constituída pola superficie realmente adicada ó exercicio da actividade expresada en metros cadrados, da seguinte tarifa:

Superficie	Actividades inocuas	Actividades non inocuas
Ata 25 m ²	100 euros	150 euros
De 26 a 100 m ²	150 euros	200 euros
De 101 a 200 m ²	250 euros	350 euros
De 201 a 400 m ²	400 euros	600 euros
Máis de 400 m ²	600 euros	900 euros

3.- Para cambios de titularidade cesión ou traspaso de negocio a cantidade a aboar será de 100 euros.

4.- Enténdese por actividades inocuas as que tradicionalmente se viñan tramitando con este carácter.

Entenderase por actividades non inocuas as sometidas á tramitación prevista no Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas e normativa autonómica que o completa, as sometidas a avaliación de incidencia ambiental e outras actividades, distintas das anteriores, que viñan sendo tramitadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, pero que se atopan excluídas por disposición legal expresa do novo Decreto 133/2008 de 12 de xuño. En caso de dúbida sobre as non incluídas e se se considera que merecen a cualificación de molestas, insalubres, nocivas e perigosas consorte ás definicións do artigo 13 da Lei 10/1995 de Protección Ambiental de Galicia, de conformidade co artigo 2.2 se someterán á decisión da Consellería de Medio Ambiente sobre necesidade ou non de avaliación.

5.- Se na tramitación do procedemento de outorgamento de licenza de apertura tivesen que efectuarse comprobacións técnicas contempladas na lexislación vixente na materia de protección contra a contaminación acústica, os custos da asistencia técnica a contratar serán a cargo do interesado. Igualmente serán a costa do solicitante o pago dos anuncios e edictos que se evacúen na tramitación do expediente.

Artigo 2.-

Modifícase o artigo 8 da ordenanza fiscal referida que queda redactado como segue:

Artigo 8.- DEVENGO.

1. A obriga de contribuir nacerá no momento de outorgarse a licenza solicitada; desde que o local ou establecemento donde vaia desenvolverse a actividade se utilice ou estea en funcionamento sen terse obtido a preceptiva licenza, e desde que se produza algunha das circunstancias das establecidas nesta ordenanza e que constitúen o feito imponible da taxa de referencia.

2. Unha vez concedida, no seu caso, a licenza provisional, notificarase ó interesado a liquidación da taxa, debendo éste proceder ó seu pagamento nos prazos e formas establecidos na mesma, sen prexuízo da liquidación que corresponda e se practique no momento de adoptarse a resolución administrativa de concesión de licenza definitiva.”

SEGUNDO.- Expoñer ó público o presente acordo provisional e novo texto da ordenanza afectada polo prazo de 30 días hábiles, tal como perceptúa o artigo 17.1 e 2 da mencionado Texto Refundido.

TERCEIRO.- Elevar a definitivo, este acordo se non se presentasen reclamacións ó mesmo e continua-lo expediente ata súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17.4 e 5 do repetido Texto Refundido.

CUARTO.- A referida ordenanza fiscal modificada entrará en vigor a partires do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partires do mesmo día.”

O que se fai público facendo constar que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei da

Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que comencarán a contarse a partires do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Becerreá, 22 de xuño de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 03614

—
BURELA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía "DONA CRISTINA FENTE SAMPAYO con D.N.I. n.º 76.619.499-J", licenza municipal para a apertura dunha "FARMACIA", na Avda. Arcadio Pardiñas n.º 135-baixo, en Burela, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo - que comencará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Burela, a 23 de xuño de 2009.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 03613

—
LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 13-5-09, aprobou definitivamente o proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución da Xunta de Compensación do polígono núm. 2 do sector II do plan de sectorización do solo urbanizable non programado "IN-G", cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Resolver, segundo o pronunciamento que a continuación se detalla, as alegacións presentadas durante o período de información pública do PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO NÚM. 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO "IN-G", de conformidade co informe do Servizo Municipal de Urbanismo de data do 05-05-09, que se considera parte integrante do presente acordo para os efectos da súa motivación, do cal se dará traslado integro ós interesados:

1.- DESESTIMAR a alegación presentada pola Delegación de Economía y Hacienda en Lugo-

Secretaría General Patrimonio del Estado ó non existir ningunha parcela de titularidade descoñecida.

2.- ESTIMAR a alegación presentada por dona Silvina Varela Varela no sentido de recoñecerlle a titularidade da metade sur da finca catastral 331 do polígono 80 (grafado no plano parcelario obrante no expediente), en virtude da escritura de disolución da comunidade hereditaria outorgada polos irmáns don José, don Manuel, dona Silvina e dona Carmen Varela Varela, ante o notario desta cidade de Lugo don Manuel García Granero con data do 4-7-86, baixo o nº 1.539 do seu protocolo.

SEGUNDO.- TOMAR RAZÓN do escrito de adhesión formulado por don José Varela Varela con data do 27-5-08, en canto titular da metade norte do predio catastral 331 do polígono 80 (grafado no plano parcelario obrante no expediente), en virtude da escritura de disolución da comunidade hereditaria outorgada polos irmáns don José, don Manuel, dona Silvina e dona Carmen Varela Varela, ante o notario desta cidade de Lugo don Manuel García Granero con data do 4-7-86, baixo o nº 1.539 do seu protocolo.

TERCEIRO.- Comunicarlle a "CINUR CONSULTORES URBANÍSTICOS E INMOBILIARIOS, S.L." que a titularidade da parcela catastral de referencia 6364636PH1666S corresponde a don José Manuel Carreira Seijas, segundo o informe emitido polo Servizo municipal de Facenda Local con data do 11-3-09, do cal se lle dará traslado íntegro para o seu coñecemento.

CUARTO.- Aprobar definitivamente, o proxecto de estatutos e bases de actuación para os efectos de constituír a Xunta de Compensación do polígono núm. 2 do sector II do plan de sectorización do solo urbanizable non programado "IN-G" do PXOU vixente; actúa como representante do Concello na devandita Xunta dona María Novo Pena, Delegada da Área de Urbanismo (acordo da Xunta de Goberno Local número 21/1.013, de data do 22-10-08), e todo isto en virtude do previsto no artigo 162.3 do Regulamento de Xestión Urbanística, aprobado polo Real Decreto 3.288/1978, do 25 de agosto, (en adiante RXU), en relación co artigo 155.2 e 155.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA).

QUINTO.- Publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e realizar as notificacións individualizadas ós propietarios dos terreos do polígono; e advírteselles de forma expresa a aqueles que non solicitasen a súa incorporación á Xunta de que poderán facelo no prazo de UN MES, que comezará a contar desde a devandita comunicación (artigos 156 LOUGA e 162.5 RXU), e de que, no caso contrario, poderá producirse a expropiación ou a ocupación dos seus predios previstas no artigo 156.1 da LOUGA en relación co artigo 162.4-5 do RXU.

Significando ademais que, transcorrido o antedito prazo, a incorporación á Xunta de compensación só será posible se non atranca o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación, de conformidade cos seus estatutos (artigo 156.1 LOUGA).

SEXTO.- Requiririlles ós interesados para que constituán a Xunta de compensación mediante escritura pública no prazo máximo de UN MES, desde que sexa firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación, na que designarán os cargos do órgano reitor (artigos, 155.3 LOUGA e 163 do RXU).

SÉTIMO.- Notificarlles este acordo ós interesados no expediente para o seu coñecemento e oportunos efectos, significándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial), no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a devandita resolución poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano que ditou o acordo e no prazo de UN MES, contado, así mesmo, dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. No caso de que se interpuxese o recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición, tal e como establece o artigo 116 da Lei 30/1992."

Este anuncio servirá de notificación nos termos do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común para todos os propietarios e interesados directamente afectados que, por resultaren descoñecidos, ignorando o seu enderezo ou ben intentada a súa notificación, non poidan ser notificados persoalmente.

De seguido, relaciónanse os interesados que, intentada a súa notificación, esta non se puido levar a cabo no seu último domicilio coñecido:

- D. Jesús María Pereira Arias, en estrada da Coruña, 83 - Lugo.

- D^a Concepción Carreira López, en Camiño Romai, 15 - Lugo.

Así mesmo, en cumprimento do establecido no artigo 162.4 do Regulamento de Xestión Urbanística (R.D. 3.288/1978, do 25 de agosto), faise público o texto definitivo do proxecto de estatutos e bases de actuación e que a continuación literalmente se transcribe:

"A) ESTATUTOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP 'IN-G'.

TÍTULO PRIMEIRO

DA DENOMINACIÓN, DOMICILIO, OBXECTO E FINS

Artigo 1º.- Denominación.

1. Coa denominación de "XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP 'IN-G'" constitúese unha Xunta de Compensación de carácter administrativo, con personalidade xurídica propia e plena capacidade legal dende a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.

2. A Xunta de Compensación estará composta polos propietarios de terreos afectados que aceptaran o sistema, polas entidades públicas titulares de bens demaniais ou patrimoniais incluídos no ámbito definido polo artigo 7º dos estatutos e, no seu caso, polas empresas urbanizadoras que se incorporen a ela.

3. A Xunta de Compensación rexerese polo disposto nos presentes estatutos e, no non previsto por eles, polos artigos 154 a 160 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (de agora en adiante LOUGA), o Regulamento de xestión urbanística do 25 de agosto de 1978 e disposicións concordantes e complementarias.

Artigo 2º.- Domicilio.

1. O domicilio da Xunta de Compensación establécese na rúa Camiño Real, 115 baixo, CP 27004 de Lugo.

2. Este domicilio poderá ser trasladado, por acordo da asemblea xeral, a outro lugar dentro do mesmo termo municipal, debendo dárselles conta ós órganos urbanísticos competentes.

Artigo 3º.- Obxecto.

A Xunta de Compensación ten por obxecto a xestión e execución da urbanización do DO POLÍGONO Nº 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP 'IN-G', aprobado definitivamente, todo isto no termo municipal Cencello de Lugo, con solidariedade de beneficios e cargas entre os titulares de bens e dereitos integrados naquela.

Artigo 4º.- Fins.

1. Serán fins da Xunta de Compensación os seguintes:

A) Agrupar ós propietarios de terreos afectados que aceptaran o sistema, ás entidades públicas titulares de bens demaniais ou patrimoniais incluídos no ámbito da Xunta de Compensación e, no seu caso, ás empresas urbanizadoras incorporadas a aquela, os cales, mantendo a titularidade dos seus bens e dereitos, asumirán unha acción común para executar o planeamento urbanístico e distribuír equitativamente as súas cargas e beneficios; e unha vez aprobado o proxecto de bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación polo órgano urbanístico de control, levar a cabo as operacións nel previstas, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente.

B) Redactar o proxecto de compensación para a súa tramitación e ulterior inscrición no Rexistro da Propiedade, con adxudicación das parcelas resultantes

ós membros da Xunta de compensación e á corporación municipal, na medida que corresponda.

C) Redactar o proxecto de urbanización e executar as obras previstas nel, unha vez aprobado definitivamente polo órgano urbanístico competente, podendo realizar as devanditas obras por adxudicación directa ou mediante concurso, concurso-poxa ou poxa, de conformidade co que acorde a asemblea xeral, pero en todo caso con respecto ós principios de publicidade e concurrencia a que se refire o artigo 133 da LOUGA.

D) Exercer -en calidade de beneficiaria- o dereito á expropiación forzosa de terreos nos supostos contemplados polos artigos 156 da LOUGA e artigos 162, 168 e 181 do Regulamento de Xestión Urbanística. Ou ben, solicitar da Administración actuante a ocupación das parcelas dos propietarios dos Polígonos que non se houbesen incorporado a Xunta de Compensación, co fin de posibilitar a execución das obras de urbanización previstas, recoñecéndose ós seus titulares o dereito a adxudicación dos terreos edificables na proporción a superficie achegada ca redución axeitada para compensar os gastos de urbanización correspondentes, e isto nos términos previstos no devandito artigo 156 da LOUGA.

E) Formalizar operacións de crédito ou emitir títulos para a execución das obras de urbanización, coa garantía dos terreos afectados, conforme ó disposto no artigo 177 do Regulamento de xestión urbanística.

F) Asumir a xestión e defensa dos intereses comúns dos membros da Xunta de Compensación ante calquera autoridade e organismo da Administración Pública, así como ante os xuíces e tribunais, en todos os seus graos e xurisdiccións, e fronte ós particulares.

G) Solicitar o outorgamento dos beneficios fiscais urbanísticos previstos nas disposicións legais.

H) Adquirir, posuír, allear, gravar ou exercer calquera outro acto de dominio ou administración dos bens constitutivos do patrimonio da Xunta de Compensación, actuando como fiduciaria con poder dispositivo sobre os predios pertencentes ós membros dela, dado que a incorporación dos propietarios á Xunta non comporta a transmisión a ela do dominio dos predios afectados, de acordo co establecido nos artigos 158 de la LOUGA e 171 do Regulamento de xestión urbanística.

I) Emitir títulos acreditativos das cotas de participación que a cada un dos membros correspondan nos bens que constitúan, no seu caso, o patrimonio da Xunta de Compensación.

J) Interesar dos órganos urbanísticos competentes a aprobación dos proxectos de urbanización e compensación, así como das actuacións expropiatorias precisas.

K) En xeral, o exercicio de cantos dereitos e actividades lle correspondan segundo os textos legais vixentes.

2. No suposto do punto D) do parágrafo anterior, a expropiación forzosa tramitárase polo órgano urbanístico de control, sendo beneficiaria dela a Xunta de Compensación.

3. Os terreos expropiados serán adxudicados á propia Xunta de Compensación, no proxecto de compensación, salvo que a Asamblea xeral acorde a súa adxudicación en forma de parcela ou parcelas de reemplazo ós distintos propietarios en proporción as súas respectivas cotas de participación, ós efectos que estime pertinentes.

TITULO II

DO ÓRGANO URBANÍSTICO DE CONTROL

Artigo 5º.- Órgano urbanístico de control.

1. O órgano urbanístico de control baixo a tutela do cal actuará a Xunta de Compensación para os efectos sinalados nos artigos 182 e concordantes do Regulamento de Xestión Urbanística será o Concello de Lugo.

2. A dito órgano urbanístico de control corresponderán especialmente as seguintes funcións:

A) Aprobar inicial e definitivamente o proxecto de bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación, así como a constitución da Xunta de Compensación, elevando o acordo de aprobación e a escritura de constitución á CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

B) Designar o representante da administración actuante que ha de formar parte do Consello Rector da Xunta de Compensación.

C) Aprobar definitivamente o proxecto de compensación proposto pola Xunta de Compensación.

D) Tramitar o proxecto de urbanización e os expedientes de expropiación forzosa nos supostos previstos no artigo 4º destes Estatutos.

E) Requirirlle á Xunta de Compensación para a presentación de certificacións, documentos, memorias, planos, etc., na medida conveniente.

F) Vixiar o funcionamento da Xunta de Compensación, prestándolle á mesma o asesoramento debido para o logro das finalidades urbanísticas promovidas.

Artigo 6º.- Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

1. No Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES inscribírase o acordo aprobatorio da constitución da Xunta de Compensación, arquivándose no mesmo un exemplar dos estatutos.

2. Tamén deberán constar no mesmo rexistro os nomeamentos e cesamentos dos compoñentes do Consello Rector e a incorporación de empresas urbanizadoras, así como as modificacións dos estatutos, unha vez aprobados polo órgano urbanístico de control.

3. A Xunta de Compensación instará do órgano urbanístico de control a práctica das notificacións pertinen-

tes ó rexistro citado, sen prexuízo de que aquel órgano poida actuar de oficio.

TÍTULO III

DO ÁMBITO E DURACIÓN

Artigo 7º.- Ámbito.

O ámbito da Xunta de Compensación é o polígono nº 2 do sector II do plan de sectorización do SUNP 'IN-G', a delimitación do cal establece o xa citado plan.

Artigo 8º.- Duración.

A Xunta de Compensación terá a duración esixida polo cumprimento do seu obxecto, comezando a actuar na data da súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

TÍTULO IV

DOS REQUISITOS DE INCORPORACIÓN

Artigo 9º.- Composición da Xunta de Compensación.

1. A Xunta de Compensación componse dos propietarios de terreos afectados que aceptaran o sistema e das entidades públicas titulares de bens demaniais ou patrimoniais incluídos no ámbito a que se refire o artigo 7º destes estatutos.

2. Tamén poderán formar parte da Xunta de Compensación as empresas urbanizadoras que vaian participar cos propietarios na xestión da unidade de actuación, aportando, total ou parcialmente, os fondos necesarios para levar a cabo as obras de urbanización, nas condicións que estableza a asemblea xeral e conforme ó previsto nos artigos 156.2 da LOUGA e 165 e concordantes do Regulamento de xestión urbanística.

3. A cota de participación de tales empresas urbanizadoras fixarase en función da súa achega económica e a proporcionalidade desta co valor do solo, estimado segundo o disposto no Título III da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

Artigo 10º.- Clases de membros.

Os membros da Xunta de Compensación poderán ser fundadores ou adheridos, en atención ó momento da súa integración na mesma, tendo todos eles, unha vez incorporados á Xunta, os mesmos dereitos e obrigas.

Artigo 11º.- Membros fundadores.

Serán membros fundadores os que presentaran a solicitude de aprobación do proxecto de bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación.

Artigo 12º.- Membros adheridos.

I. Serán membros adheridos os que se incorporen á Xunta de Compensación dentro dos prazos de vinte días a partir da notificación da aprobación inicial do proxecto de bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación pola corporación municipal, ou de 1 mes a partir da notificación da aprobación definitiva del; transcorrido dito prazo, a incorporación só será posible

se non entorpece o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación (art. 156.1 da LOUGA); así como as empresas urbanizadoras a que se refire o artigo 9.2 destes estatutos.

2. Para a súa incorporación á Xunta de Compensación deberán solicitarlo ó órgano urbanístico de control, dentro dos prazos sinalados no parágrafo anterior, mediante escrito no que se faga constar expresamente o seu propósito de integrarse nela.

3. A incorporación dos membros adheridos á Xunta de Compensación, que non poderá ser máis gravosa para estes que para os fundadores, non terá efectos se, no prazo de 1 mes que comenará a contar dende o requirimento que polo Consello Rector se lles formule, non ingresan na caixa de dita Xunta a cantidade que lles corresponda conforme ós gastos xa realizados e ás previsións para futuras etapas, esixidas con anterioridade a súa produción, en función das cotas respectivas, cantidade que non poderá ser superior ás que ata ese día fosen satisfeitas, na debida proporción, polos membros fundadores para atender ós gastos da xestión.

4. O pagamento da cantidade a que se refire o parágrafo precedente non poderá ser dispensado en ningún caso, nin fraccionado o seu aboamento.

5. O feito de non presentar no órgano urbanístico de control a solicitude prevista no parágrafo segundo -no prazo e forma sinalados-, así como non satisfacer a cantidade a que se refire o parágrafo terceiro, lexitimará á Xunta para utilizar as facultades mencionadas no artigo 4-I-D) destes estatutos.

6. Os cotitulares de bens ou dereitos designarán unha soa persoa para o exercicio das súas facultades como membro da Xunta de Compensación, respondendo solidariamente fronte a ela do cumprimento de cantas obrigacións dimanen da súa condición. No caso de que non designaran o representante no prazo dun mes a partir do requirimento formulado polo Consello rector nomearao o órgano urbanístico de control.

7. No suposto de que algúns dos bens ou dereitos pertencen a menores de idade ou persoas que teñan limitada a súa capacidade de obrar, estarán representados na Xunta de Compensación por quen desempeñe a representación legal deles.

Artigo 13º.- Empresas urbanizadoras.

1. En calquera momento poderán incorporarse á Xunta de Compensación as empresas urbanizadoras que haxan de participar na xestión urbanística do polígono.

2. Se a incorporación tivese lugar unha vez constituída a Xunta de Compensación, a empresa urbanizadora deberá solicitalo do órgano urbanístico de control mediante un escrito no que faga constar expresamente o seu propósito de integrarse nela, e daráselle traslado posteriormente á Xunta a fin de que adopte acordo sobre tal incorporación.

3. No escrito de solicitude de incorporación deberá xustificarse a cantidade na que se cuantifica a achega para levar a cabo as obras de urbanización, para os

efectos da súa participación na Xunta de Compensación.

4. O acordo aprobatorio ou non da súa incorporación, coas condicións que se establezan e a cota de participación na Xunta de Compensación, será notificado á empresa urbanizadora a través do órgano urbanístico de control.

TÍTULO V

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 14º.- Órganos de goberno e administración.

1. Os órganos de goberno e administración da Xunta de Compensación serán:

- A) A asemblea xeral.
- B) O Consello Rector.

2. Tamén terán específicas competencias:

- A) O Presidente.
- B) O Secretario.

Capítulo 1º.

Da asemblea xeral.

Sección 1ª.- Designación.

Artigo 15º.- Designación.

A asemblea xeral é o órgano deliberante supremo da Xunta de Compensación e estará composta por tódolos membros dela, os cales decidirán nos asuntos propios da súa competencia, quedando obrigados todos os membros ó cumprimento dos seus acordos, sen prexuízo dos recursos pertinentes.

Sección 2ª .- Facultades

Artigo 16º.- Facultades.

Serán competencia da asemblea xeral:

- A) Aprobar os proxectos de compensación e urbanización.
- B) Aprobar a memoria e contas dos exercicios económicos, tralo informe previo dos censores de contas.
- C) Aprobar os presupostos ordinarios e extraordinarios.
- D) Designar os compoñentes do Consello Rector e os censores de contas.
- E) Acordar a modificación dos estatutos, sen prexuízo da súa tramitación regulamentaria e aprobación posterior polo órgano urbanístico de control, e inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.
- F) Decidir a imposición de derramas extraordinarias para atender a gastos non previstos nos presupostos ou enxugar o déficit temporal destes.
- G) Dispoñer o cesamento dun ou varios dos compoñentes do Consello Rector, así como o nomeamento de

quen tivese que substituílos ata a inmediata renovación regulamentaria.

H) Autorizar a formalización dos actos enumerados no artigo 27.2-H) destes estatutos e actuar como fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre bens e dereitos antes pertencentes ós membros da Xunta de Compensación, conforme ó disposto nos artigos 158.2 da LOUGA e 177 e concordantes do RXU.

I) Determinar a prioridade na execución das obras de urbanización, a proposta do Consello Rector, dentro das previsións do planeamento vixente; propoñendo a modificación de ditas etapas, cando se estime procedente, á aprobación dos órganos urbanísticos competentes.

J) Acordar a constitución das garantías que foran esixidas polos órganos urbanísticos para asegurar as obrigas contraídas pola Xunta de Compensación.

K) Acordar a formalización de créditos para realizar as obras de urbanización, incluso con garantía hipotecaria dos terreos afectados nos termos previstos polo artigo 4-I-E) destes estatutos.

L) Resolver sobre a incorporación de empresas urbanizadoras.

M) Acordar a disolución da Xunta de Compensación, segundo o previsto no Título XI destes estatutos.

N) Exercer cantas facultades sexan recoñecidas á Xunta de Compensación pola normativa legal.

Artigo 17º.- Clases de asemblea xeral.

As asembleas xerais poderán ser ordinarias e extraordinarias.

Artigo 18º.- A asemblea xeral ordinaria.

1. A asemblea xeral ordinaria reunirse dúas veces ó ano.

2. Dentro dos catro primeiros meses de cada exercicio económico -que coincidirá co ano natural- celebrará sesión para censurar a xestión común e aprobar, no seu caso, a memoria e contas do exercicio anterior, tralo informe previo dos censores de contas designados para o efecto.

3. No mes de novembro de cada ano convocarase para coñecer e aprobar o presuposto do exercicio económico seguinte, nomear ós censores de contas para dito exercicio e designar, cando proceda, ós membros do Consello Rector.

4. Nas reunións da asemblea xeral ordinaria poderán adoptarse acordos sobre calquera outra materia que figure na orde do día; sen prexuízo da adición ó mesmo daqueles outros asuntos a resolución dos cales se declare de urxencia.

Artigo 19º.- A asemblea xeral extraordinaria.

1. Toda reunión da asemblea xeral que non sexa das sinaladas no artigo anterior terá a consideración de asemblea xeral extraordinaria.

2. A asemblea xeral extraordinaria reunirse cando o Consello Rector o estime conveniente para os intereses comúns ou cando o soliciten de dito consello membros que representen, cando menos, o 30 % das cotas definidas no artigo 38º destes estatutos, debendo expresarse na solicitude os asuntos que se van tratar.

3. Soamente poderán ser considerados e resoltos os asuntos que figuren na orde do día.

Artigo 20º.- Dereito de asistencia.

1. Poderán asistir ás sesións da asemblea xeral as persoas físicas e os representantes das persoas xurídicas en quen conorra a calidade de membro da Xunta de Compensación, coas limitacións e requisitos establecidos nestes estatutos.

2. Os membros da Xunta de Compensación poderán designar, por escrito e para cada reunión, a outras persoas que os representen na asemblea xeral.

Sección 3ª.- Convocatoria

Artigo 21º.- Convocatoria.

1. As reunións da asemblea xeral, ordinarias ou extraordinarias, serán convocadas polo Presidente do Consello Rector, mediante carta certificada remitida ós membros da Xunta de Compensación con oito días de antelación, cando menos, á data en que teñan que celebrarse.

2. Coa mesma antelación, fixarase un anuncio no taboleiro de edictos do órgano urbanístico de control e no domicilio social.

3. A celebración de asemblea xeral extraordinaria a petición de membros da Xunta de Compensación, na forma disposta polo artigo 19.2º destes estatutos, terá que ser acordada polo Consello Rector dentro dos quince días seguintes ó requirimento practicado e a reunión deberá ter lugar entre os trinta e os sesenta días seguintes ó dito requirimento.

4. A convocatoria sinalará lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día comprensiva dos asuntos que han de someterse a coñecemento e resolución da asemblea xeral.

5. A convocatoria da asemblea xeral ordinaria conterá, ademais, a indicación de que no domicilio da Xunta de Compensación estará a disposición dos membros dela, en horas hábiles de oficinas e ata o día anterior á reunión, a memoria e contas do exercicio anterior, co informe dos censores de contas, ou o presuposto para o exercicio económico seguinte.

Artigo 22º.- Constitución.

1. A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela, por si ou por representación, membros da Xunta de Compensación que representen, cando menos, o 60% das cotas definidas no artigo 38º destes estatutos.

2. Transcorrida media hora sen acadar o quórum indicado, entenderase validamente constituída a asem-

blea xeral, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes.

3. Se atopándose presentes ou representados a totalidade dos membros da Xunta de Compensación acordasen, por unanimidade, celebrar asemblea xeral, quedará esta válidamente constituída, sen necesidade de previa convocatoria.

Sección 4ª.- Adopción de acordos.

Artigo 23º.- Adopción de acordos.

1. O Presidente do Consello Rector -ou quen, de conformidade co artigo 25 destes estatutos, o substitúa- presidirá a asemblea xeral, dirixirá os debates e declarará os asuntos suficientemente considerados, pasando á votación de acordo, se procedese; actuando como Secretario o do Consello Rector ou quen estatutariamente o substitúa.

2. Os acordos adoptaranse por maioría simple de cotas de participación, presentes ou representadas, computándose as participacións na forma sinalada polo artigo 38º destes estatutos; e, no caso de empate, o voto do Presidente terá calidade dirimente.

3. Se, a consecuencia da incorporación de empresas urbanizadoras, por virtude de aportacións extraordinarias ou como resultado do proxecto de compensación definitivamente aprobado, quedasen modificadas as participacións inicialmente establecidas, a asemblea xeral fixará as novas cotas que correspondan, dando conta ó órgano urbanístico de control e, a través deste, ó Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES; á contía das cales haberán de referirse, en cada momento, o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigas dos membros da Xunta de Compensación.

4. Non obstante, será de aplicación o artigo 155.1 da LOUGA que literalmente dispón: "cando o sistema de compensación veña establecido no planeamento para un determinado polígono, a súa efectiva aplicación requirirá que os propietarios presenten o proxecto de estatutos e de bases de actuación, e que no momento de aprobación definitiva daqueles superen o 50% da superficie do polígono. A antedita iniciativa deberá presentarse no prazo máximo de tres meses, contados desde a aprobación definitiva do planeamento detallado". Por esta razón os acordos de modificación destes, deberán ser aprobados cos votos de propietarios que superen o 50% da superficie do polígono ou unidade de actuación; e de conformidade co disposto no artigo 155.6 da LOUGA o acordo de aprobación do proxecto de compensación requirirá en todo caso o voto favorable dos membros da Xunta de Compensación que representen maioría das cotas definidas no artigo 38 dos estatutos.

5. Os acordos da asemblea xeral serán inmediatamente executivos, sempre que foran adoptados conforme ó previsto nestes estatutos; isto, sen prexuízo dos recursos pertinentes.

Artigo 24º.- Actas e certificacións.

1. De cada reunión da asemblea xeral levantarase acta, na que se farán constar, clara e sucintamente, os acordos adoptados e o resultado das votacións celebradas, designándose na mesma sesión dous interventores para que, en unión do Presidente e do Secretario do Consello Rector, procedan á redacción e aprobación daquela no prazo dos quince días seguintes.

2. As ditas actas figurarán no libro de actas correspondente, debidamente dilixenciado, e serán asinadas polo Presidente e o Secretario do Consello Rector e os interventores designados para o efecto.

3. A requirimento dos membros da Xunta de Compensación ou dos órganos urbanísticos, deberá o Secretario, co visto e prace do Presidente, expedir certificacións do contido do libro de actas.

Capítulo 2º

Do Consello Rector

Sección 1ª.- Designación

Artigo 25º.- Designación.

1. O Consello Rector estará composto por un Presidente, tres vocais, un Secretario e o representante do órgano urbanístico de control.

2. Os compoñentes do Consello Rector que representen ós membros da Xunta de Compensación serán nomeados pola asemblea xeral entre as persoas físicas ou os representantes das persoas xurídicas que teñan a calidade de membros da Xunta de Compensación ou sexan propostas por estes. Os tres vocais que representen ós membros da Xunta de Compensación, serán nomeados sobre listas compostas por tres vocais, que propoñan membros da asemblea.

3. O representante do órgano urbanístico de control será designado por este, no acordo de aprobación definitiva do proxecto de bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación (art. 155.5 da LOUGA).

4. O Consello Rector determinará o seu réxime de actuación e o sistema de substitucións por ausencia, enfermidade, etc.

5. En defecto do acordo expreso do Consello Rector, o vocal de máis idade substituirá ó Presidente e o de menor idade ó Secretario.

Artigo 26º.- Duración do cargo.

1. O nomeamento de membros do Consello Rector terá unha duración de dous anos, podendo procederse á reelección indefinida por períodos iguais, en virtude de acordo expreso da asemblea xeral.

2. En caso de falecemento ou renuncia dun ou máis compoñentes do Consello Rector, a asemblea xeral poderá designar a quen vaia substituílos ata a renovación inmediata da composición daquel.

3. Se a asemblea xeral acordase o cesamento dun ou máis compoñentes do Consello Rector, na mesma sesión en que así o decida haberá de acordar o nomeamento da persoa ou persoas que tivesen que substituílos ata a renovación inmediata del.

Sección 2ª.- Facultades

Artigo 27º.- Facultades.

1. Correspóndenlle ó Consello Rector as máis amplas facultades de xestión e representación dos intereses comúns da Xunta de Compensación, sen máis limitacións cá necesidade de someter ó coñecemento e resolución da asemblea xeral os asuntos que estatutariamente lle están reservados a esta.

2. Serán funcións específicas do Consello Rector:

A) Executar os acordos da asemblea xeral.

B) Administrar os fondos da Xunta de Compensación, formalizando a memoria e contas correspondentes a cada exercicio económico que han de ser sometidas á asemblea xeral.

C) Propoñer á asemblea xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como os presupostos e derramas extraordinarios, e aplicalos na medida correspondente.

D) Autorizar o outorgamento de toda clase de actos e contratos civís, mercantís e administrativos, sen prexuízo do disposto no apartado H) seguinte.

E) Facer e esixir pagamentos, cobros e liquidacións, calquera que sexa a súa causa xurídica e a persoa ou entidade obrigada ou acreedora.

F) Abrir e manter contas e depósitos en establecementos bancarios ou de crédito, ingresando ou retirando fondos deles á súa conveniencia.

G) Realizar operacións coa Facenda Pública do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local en calquera dos sesus Organismos, caixas, bancos de carácter oficial ou privado, caixas de aforro, sociedades, empresas, particulares, etc.; e así mesmo con calesquiera outros Organismos da Administración Estatal, Autónoma e Local.

H) Acordar a execución de toda clase de actos de dominio e administración -tales como adquisición, alleamentos, segregacións, divisións, declaracións de obra nova, constitución de dereitos reais, cancelación deles, arrendamentos, etc.-, relativos ós bens e dereitos pertencentes á Xunta de Compensación ou ós membros desta, nos supostos do artigo 16 h) destes estatutos; requiríndose para os actos enumerados a previa aprobación da asemblea xeral, salvo dispensa outorgada por esta.

I) Propoñer á asemblea xeral as cotas de participación correspondentes ós membros da Xunta de Compensación, así como as modificacións que fosen pertinentes, ben por novas aportacións ou incorporacións ou a consecuencia da equidistribución formalizada no proxecto de compensación.

J) Nomear e separar ó persoal ó servizo da Xunta de Compensación, e fixar a súa retribución e réxime de traballo.

K) Fixar a forma e prazos en que han de satisfacer os membros da Xunta de Compensación, as aportacións económicas previstas nos presupostos ordinarios

e extraordinarios, e proceder contra os membros morosos para facer efectivo o pagamento das cantidades que lles correspondan.

L) Notificar ós órganos urbanísticos competentes os acordos que teñan que producir efecto ante aqueles.

M) Propoñer á asemblea xeral o traslado do domicilio da Xunta de Compensación.

N) Solicitar a concesión de beneficios fiscais e exencións tributarias que as disposicións vixentes establecen en favor da Xunta de Compensación e dos seus membros.

Sección 3ª.- Convocatoria

Artigo 28º.- Convocatoria.

1. O Consello Rector reunirse cantas veces sexa necesario para os intereses da Xunta de Compensación, a iniciativa do Presidente ou a petición de dous dos seus membros.

2. A convocatoria, con indicación dos asuntos que se van tratar e do lugar, data e hora da sesión, será enviada polo Secretario cun mínimo de catro días de antelación, quedando validamente constituído o Consello Rector cando concorran á reunión, presentes ou representados, cando menos catro dos seus membros.

3. O Consello Rector quedará constituído sen convocatoria previa cando se reúnan todos os membros do mesmo nomeados pola asemblea xeral e, neste caso, será o propio Consello Rector constituído o que determine os asuntos a tratar.

Sección 4ª.- Adopción de acordos

Artigo 29º.- Adopción de acordos.

Os acordos do Consello Rector serán adoptados por maioría simple de votos, recoñecéndose calidade de voto dirimente ó do Presidente en caso de empate, e serán inmediatamente executivos, sen prexuízo dos recursos procedentes.

Artigo 30º.- Actas e certificacións.

1. De cada sesión do Consello Rector levantarase acta, que haberá de ser aprobada na mesma reunión, e nela faranse constar, clara e sucintamente, os acordos adoptados e o resultado das votacións celebradas.

2. As actas figurarán no libro de actas correspondente, debidamente dilixenciado, e serán asinadas polo Presidente e o Secretario.

3. A requirimento dos socios ou dos órganos urbanísticos, deberá o Secretario, co visto e prace do Presidente, expedir certificacións do contido do libro de actas.

Capítulo 3º

Do Presidente

Artigo 31º.- Nomeamento.

O Presidente será nomeado pola asemblea xeral e o seu nomeamento terá unha duración de dous anos,

podendo procederse á súa reelección indefinidamente por períodos iguais, en virtude de acordo expreso.

Artigo 32º.- Funcións.

Serán funcións do Presidente:

A) Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións da asemblea xeral e do Consello Rector, dirixir as deliberacións e decidir os empates con voto de calidade.

B) Desempeñar a representación xudicial e extraxudicial da Xunta de Compensación e dos seus órganos de goberno e administración, podendo outorgar poderes a terceiras persoas para o exercicio de dita representación.

C) Autorizar as actas da asemblea xeral e do Consello Rector, as certificacións que se expidan e cantos documentos o requiran.

D) Na forma que o Consello Rector determine, abrir, seguir e cancelar a nome da Xunta de Compensación contas correntes e de aforro en toda clase de bancos ou institucións de crédito e aforro; dispoñer desas contas mediante talóns, cheques e demais instrumentos de pagamento; asinar a correspondencia, recibos e resgardos; librar, aceptar, endosar, anular e descontar efectos mercantís; protestar por falta de aceptación ou de pagamento de letras de cambio e, en xeral, desenvolver todas as operacións usuais de banca esixidas pola actividade da Xunta de Compensación.

E) Executar e facer cumprir os acordos da asemblea xeral e do Consello Rector.

F) Cantas sexan inherentes ó seu cargo e lle sexan delegadas pola asemblea xeral ou o Consello Rector.

Capítulo 4º

Do Secretario

Artigo 33º.- Nomeamento.

O Secretario será designado pola asemblea xeral, e o seu nomeamento terá unha duración de dous anos, podendo procederse á súa reelección indefinidamente, por períodos iguais, en virtude de acordo expreso.

Artigo 34º.- Funcións.

Serán funcións do Secretario:

A) Asistir preceptivamente a todas as reunións da asemblea xeral e do Consello Rector, salvo ausencia xustificada.

B) Levantar acta das sesións da asemblea xeral e do Consello Rector, transcribíndoas nos libros de actas dilienciados para o efecto.

C) Notificar ós membros da Xunta de Compensación os acordos de ditos órganos no prazo dos quince días seguintes á aprobación da acta en que figuren transcritos.

D) Expedir certificacións do contido dos libros de actas, co visto e prace do Presidente.

E) Levar un libro rexistro no que se relacionen todos os membros integrantes da Xunta de Compensación, con expresión dos seus respectivos nomes, apelidos, domicilio, data de incorporación, cota de participación e cantas circunstancias se estimen procedentes.

F) Custodiar todos os documentos da Xunta de Compensación.

G) Cantas sexan inherentes ó seu cargo ou lle sexan delegadas pola asemblea xeral ou o Consello Rector.

TITULO VI

DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN

Artigo 35º.- Acto de constitución.

Dentro do prazo máximo dun mes dende a aprobación definitiva dos estatutos e bases de actuación ou, no seu caso, dende que os propietarios que representaran o 70% da superficie do polígono ou unidade de actuación, houberan consentido a aplicación do modelo xeral de bases e estatutos do Concello de Lugo (art. 155.3 da LOUGA), a requirimento do órgano urbanístico de control e con arreglo o artigo 163 do Regulamento de Xestión Urbanística, procederáse ó outorgamento da escritura pública de constitución.

Artigo 36º.- Convocatoria.

Designarase notario autorizado, lugar, data e hora para o outorgamento da escritura pública, e notificará-selles ós membros fundadores e adheridos, cunha antelación de oito días á data en que vaia procederse ó outorgamento.

Artigo 37º.- Escritura de constitución.

1. A escritura de constitución deberá conter as seguintes circunstancias:

A) Relación de membros, fundadores e adheridos, da Xunta de Compensación.

B) Relación dos bens e dereitos de que son titulares.

C) Persoas que foran designadas para ocupar os cargos do Consello Rector.

D) Acordo de constitución.

2. Unha copia autorizada da escritura de constitución e das de adhesión, no seu caso, trasladarase ó órgano urbanístico de control, quen adoptará, se procede, acordo aprobatorio no prazo dos trinta días seguintes.

3. Aprobada a constitución da Xunta de Compensación, o órgano urbanístico de control elevará o acordo, xunto coa copia autorizada da escritura ou escrituras, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, arquivándose neste un exemplar dos estatutos da Xunta de Compensación autorizado por funcionario competente.

4. Unha vez inscrita a Xunta de Compensación, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes notificarallo ó Presidente do Consello Rector daquela.

TITULO VII

DOS DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS MEMBROS

Artigo 38º.- Cotas de participación.

1. A participación dos membros da Xunta de Compensación nos dereitos e obrigacións establecidos, así como a determinación das parcelas resultantes da actuación urbanística que han de ser adxudicadas a cada un daqueles no proxecto de compensación, individualmente ou en réxime de copropiedade, virá definida pola cota ou porcentaxe sobre o total que a cada un corresponda.

2. Para fixar as respectivas cotas de participación, en virtude dos predios achegados á Xunta de Compensación por cada un dos propietarios dos terreos ou entidades públicas titulares de bens demaniais ou patrimoniais integrados nela, atenderanse os criterios establecidos nos artigos 116.1a) da LOUGA e 167 e concordantes do Regulamento de Xestión Urbanística; non obstante, os propietarios por unanimidade, poderán adoptar un criterio distinto.

3. A superficie computable será a resultante da medición real practicada para o efecto, debendo, non obstante, acreditarse as titularidades respectivas mediante certificación rexistral e, no seu defecto, testemuño notarial do título de adquisición. A falta de ambos, o propietario deberá presentar declaración xurada na que se fará constar a superficie do predio, os propietarios estremeros e o título de adquisición, Xuntando a dita declaración xurada un plano dos terreos e cantos documentos poidan acreditar a súa condición de propietario, tales como o recibo xustificativo do pagamento do IBI, certificación de estar o predio catastrado ó seu nome, etc.

4. Cando a superficie acreditada nos títulos non coincida coa realidade física, prevalecerá esta sobre aquela, sen prexuízo das accións legais que procedan.

5. Se os terreos estivesen gravados con algunha carga real, o propietario afectado terá que compartir co titular do dereito real a cota atribuída; e no suposto de non declararse carga ningunha ou de que as declaradas non se axusten á realidade, os prexuízos que puidesen resultar no proxecto de compensación serán a cargo do propietario que cometese a omisión, manténdose as cargas sobre as parcelas que lle correspondan.

6. No suposto de incorporación á Xunta de Compensación de empresas urbanizadoras, procederase ó reaxuste das cotas de participación dos membros, asignándose a cota correspondente á empresa urbanizadora incorporada en función das condicións establecidas pola asemblea xeral no momento da integración.

7. As cotas de participación así determinadas definirán o voto proporcional de cada un dos membros da Xunta de Compensación e a súa participación nos dereitos e obrigacións establecidos nos estatutos.

8. O valor dos demais bens e dereitos, distintos ó solo, afectados pola actuación urbanística non influirá na determinación das cotas de participación dos membros daquela, sen prexuízo da súa determinación ulte-

rior no proxecto de compensación, por aplicación do disposto nos artigos 36 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954, e preceptos concordantes do Regulamento do 26 de abril de 1957, artigos 31 e 32 da Lei 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións, e artigos 116, 132 e 157 da LOUGA.

Artigo 39º.- Terreos con gravame real.

No caso de que algúns dos predios pertencen en núa propiedade a unha persoa e calquera outro dereito real limitativo a outra, a calidade de membro da Xunta de Compensación corresponderá á primeira, sen prexuízo de que o titular do dereito real perciba o rendemento económico que constituía o contido do mesmo, conforme ó previsto no artigo 54 do Regulamento de Xestión Urbanística.

Artigo 40º.- Dereitos dos membros da Xunta de Compensación.

Serán dereitos dos membros da Xunta de Compensación:

A) Exercer as facultades dominicais sobre os bens e dereitos da súa propiedade e as cotas de participación que lles foran fixadas pola asemblea xeral en función das súas aportacións, sen máis limitacións cás establecidas nas leis, no planeamento urbanístico, nestes estatutos e en virtude dos acordos dos órganos de goberno e administración da Xunta de Compensación, dentro da esfera das súas competencias.

B) Concorrer ás reunións da asemblea xeral e intervir na adopción de acordos, proporcionalmente ás súas cotas de participación respectivas.

C) Participar, como elector ou candidato, na designación dos membros do Consello Rector.

D) Allear, gravar ou realizar calquera outro acto de deominio ou administración, coas limitacións do artigo 41.2º destes estatutos, dos bens e dereitos da súa propiedade ou da súa cota de participación, quedando subrogado o adquirente, en caso de transmisión da titularidade dos mesmos, nos dereitos e obrigas do causante e entendéndose incorporado o adquirente á Xunta de Compensación a partir do momento da transmisión, conforme ó disposto no artigo 28 do Regulamento de xestión urbanística.

E) Adquirir a titularidade, individual ou en copropiedade, da parcela ou parcelas que lles sexan adxudicadas no proxecto de compensación proporcionalmente ás súas cotas de participación respectivas.

F) Impugnar os acordos e resolucións dos órganos de goberno e administración da Xunta de Compensación, na forma e cos requisitos establecidos nestes estatutos.

G) Ser informados en todo momento da situación da Xunta de Compensación.

H) Percibir, ó tempo da disolución e liquidación da Xunta de Compensación e en proporción ás súas respectivas cotas de participación, a parte de patrimonio daquela que lles correspondese.

I) Presentar proposicións e suxestións.

J) Os demais dereitos que lles correspondan, de acordo co disposto nos presentes estatutos e nas disposicións legais aplicables.

Artigo 41º.- Obrigacións dos membros da Xunta de Compensación.

I. Os membros da Xunta de Compensación virán obrigados a:

A) Observar as prescricións do planeamento urbano vixente.

B) Entregar á Xunta de Compensación, no prazo de 1 mes a contar dende a data da súa incorporación á mesma, os documentos acreditativos da súa titularidade a que se refire o artigo 38.3º anterior; e, se os terreos estivesen gravados, deberá Xuntarse unha relación cos nomes e domicilios dos titulares dos dereitos reais, con expresión da natureza e contía das cargas e gravames.

C) Cumprir fielmente os acordos adoptados pola asemblea xeral ou o Consello Rector e acatar a autoridade dos seus representantes, sen prexuízo dos recursos a que houber lugar.

D) Determinar, no momento da súa incorporación á Xunta de Compensación, un domicilio para o efecto de notificacións, o cal, así como as súas modificacións posteriores, se fará constar no libro-rexistro que para tal efecto se levará na secretaría da Xunta do Consello Rector, reputándose ben practicada calquera notificación que ó citado domicilio se dirixa.

E) Satisfacer puntualmente as cantidades necesarias para atender ós gastos ordinarios e extraordinarios da Xunta de Compensación; para este fin, o Consello Rector fixará a contía correspondente a cada membro, en función da cota de participación que lle fora atribuída e das previsións contidas nos presupostos ordinarios e extraordinarios.

F) Regularizar a titularidade dominical e a situación rexistral dos terreos da súa propiedade aportados á Xunta de Compensación, dentro dos prazos sinalados polo Consello Rector.

G) Outorgar, no seu caso, os documentos necesarios para formalizar as cesións obrigatorias resultantes do planeamento urbanístico.

H) Designar, nos termos establecidos no artigo 12.6 dos estatutos e para o os supostos de copropiedade, ou unha concurrencia a unha erdanza indivisa, unha persoa que represente ós cotitulares no exercicio dos dereitos e cumprimento das obrigas previstas nestes estatutos, sen prexuízo da responsabilidade solidaria daqueles, verificando dita designación, en caso de non existir acordo sobre os interesados, o órgano urbanístico de control.

2. No suposto de que algún dos membros da Xunta de Compensación tivese o propósito de proceder á transmisión parcial ou total dos terreos da súa propiedade achegados a ela, o transmitente deberá notificarllo con 15 días de antelación ó Presidente do Consello

rector, indicando o nome e domicilio do adquirente, quen quedará subrogado nos dereitos e obrigacións do causante. Para este fin, na escritura pública de transmisión, o outorgamento da cal concorrerá o Presidente do Consello rector ou persoa designada por este, fágase a mención da afección dos terreos, da cota correspondente e da subrogación real.

3. De conformidade ó establecido nos artigos 169 do Regulamento de Xestión Urbanística e concordantes do Real decreto 1093/1997, a Xunta de Compensación interesará do Rexistrador da propiedade a práctica da nota marxinal correspondente na inscrición das fincas afectadas, aportando certificación administrativa de quedar constituída a Xunta de Compensación e de estar incluída a finca na actuación urbanística.

TITULO VIII

DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

Artigo 42º.- Obras de urbanización.

I. As obras de urbanización a executar pola Xunta de Compensación serán as definidas nos artigos 110 e 132 da LOUGA e 59 do Regulamento de Xestión Urbanística, conforme ás previsións especificadas no PXOU e nos correspondentes instrumentos de planeamento que o desenvolvan e no proxecto de urbanización, así como as acordadas polos órganos de goberno e administración da Xunta de Compensación.

2. A Xunta de Compensación poderá reintegrarse dos gastos de instalación das redes de abastecemento de auga e enerxía eléctrica, con cargo ás empresas concesionarias, na parte que, segundo a regulamentación de tales servizos, non teña que correr a cargo dos usuarios.

3. Para os efectos do reintegro indicado no parágrafo anterior, o órgano urbanístico de control emitirá as certificacións correspondentes.

Artigo 43º.- Redacción do proxecto de urbanización.

1. O proxecto de urbanización que desenvolva as previsións do correspondente instrumento de planeamento redactarase por encargo do órgano urbanístico de control ou pola propia Xunta de Compensación.

2. O pagamento dos honorarios profesionais corresponderá, en todo caso, á Xunta de Compensación como parte dos gastos de urbanización.

Artigo 44º.- Execución das obras de urbanización.

1. A asemblea xeral decidirá a forma de contratar a execución das obras de urbanización, respetando os principios de publicidade e concurrencia esixidos polo artigo 133 da LOUGA, o importe total das cales será satisfeito pola Xunta de Compensación.

2. No contrato de execución de obras conteranse, ademais das cláusulas que constitúen o seu contido típico, as circunstancias enumeradas no artigo 176.3º do Regulamento de Xestión Urbanística.

3. Se se incorporasen á Xunta de Compensación unha ou máis empresas urbanizadoras, a execución das

obras poderá realizarse directamente pola dita empresa ou empresas se as bases de contratación aprobadas pola asemblea xeral así o prevesen, debendo garantirse, en todo caso, o cumprimento dos requisitos indicados no parágrafo anterior.

4. O órgano urbanístico de control terá facultades para vixiar a execución das obras e instalacións, e se algunha obra ou instalación, ou parte dela, non se executase de conformidade co proxecto de urbanización, o órgano urbanístico de control poderá ordenar a demolición da obra ou o levantamento das instalacións e a nova execución con cargo á Xunta de Compensación, quen poderá repercutir sobre o contratista, se procedese.

5. A Xunta de Compensación e a empresa que teña ó seu cargo a execución das obras de urbanización poderán ocupar con este fin os terreos obxecto de cesión ata que, unha vez finalizadas as ditas obras, se proceda á recepción destas polo órgano urbanístico de control.

Artigo 45º.- Financiamento.

1. O custo das obras de urbanización constitúe un dos conceptos integrados nos gastos da Xunta de Compensación.

2. Para facer fronte a dito custo poderá dispoñer a Xunta de Compensación o alleamento dos terreos se se houberen reservado para tal fin no proxecto de compensación.

3. A Xunta de Compensación poderá, así mesmo, concertar créditos con garantía hipotecaria dos predios pertencentes ós membros da mesma, conforme ó disposto no artigo 177 do Regulamento de Xestión Urbanística.

Artigo 46º.- Recepción de obras e instalacións.

1. A recepción polo órgano urbanístico de control das obras de urbanización e instalacións e dotacións, a execución das cales a cargo da Xunta de Compensación estivese prevista no plan e no proxecto de urbanización para a súa cesión gratuíta ó órgano urbanístico de control, rexírase polo disposto na lexislación de contratos das Administracións Públicas, de conformidade co disposto no artigo 110.5 da LOUGA. Así mesmo de conformidade co disposto neste precepto, no caso de que a Administración non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres meses, contados dende que se inste a recepción, bastará o ofrecemento formal de cesión destas pola Xunta de Compensación ós efectos de entender recibidas as obras.

2. A cesión a que se refire o parágrafo anterior poderá referirse a unha parte do ámbito de actuación sempre que concorran as circunstancias do artigo 180.2º do Regulamento de Xestión Urbanística.

3. As cesións de obras, instalacións e dotacións serán formalizadas en acta administrativa, que subscribirán o órgano urbanístico de control e a Xunta de Compensación.

Artigo 47º.- Conservación das obras de urbanización.

1. De conformidade co establecido nos artigos 110.6 da LOUGA e 67 do RXU, a conservación das obras de urbanización e o mantemento de dotacións e instalacións de servizos públicos serán de cargo da Administración actuante, unha vez que se haxa efectuado a cesión daquelas nos termos expresados no artigo anterior e houbera transcorrido o correspondente prazo de garantía.

2. Non obstante, quedarán suxeitos os propietarios incluídos no polígono ou unidade de actuación á dita obriga, cando así se impoña polo planeamento urbanístico ou resulte expresamente de disposicións legais. Neste suposto, os propietarios haberán de integrarse nunha entidade de conservación segundo o disposto no artigo 68 do RXU.

TITULO IX

DO REXIME ECONÓMICO

Artigo 48º.- Ingresos da Xunta de Compensación.

Serán ingresos da Xunta de Compensación:

A) As achegas dos membros.

B) As subvencións, créditos, doazóns, etc. que se obteñan.

C) O produto dos alleamentos de bens da Xunta de Compensación ou dos que foran reservados con tal fin no proxecto de compensación.

D) As rendas e produtos do seu patrimonio.

E) As participacións e ingresos que procedan de convenios con outras entidades e organismos para a realización de fins urbanísticos.

Artigo 49º.- Serán gastos da Xunta de Compensación.

A) Os de promoción da actuación urbanística.

B) O financiamento das obras de urbanización a que se refire o Título VIII destes estatutos.

C) O custo de redacción e tramitación do plan especial, plan parcial ou estudio de detalle e dos proxectos de compensación, urbanización, bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación.

D) O aboamento de honorarios profesionais, administrativos, de gardería, vixilancia, etc.

E) As indemnizacións por expropiación ou ocupación de bens e dereitos, nos supostos do artigo 4.1.D) destes estatutos.

F) As indemnizacións debidas ós propietarios e arrendatarios de edificios e construcións de calquera tipo que teñan que derrubarse para a correcta execución do planeamento urbanístico, así como as indemnizacións derivadas da destrución de plantacións, obras e instalacións incompatibles co proxecto de urbanización cando veñan esixidos polo cumprimento do obxectivo da Xunta de Compensación.

G) En xeral todos os referidos nos artigos 116 e 132 da LOUGA.

Artigo 50º.- Pagamento de achegas.

1. O Consello Rector, ó sinalar as cantidades que deben satisfacer os membros integrados na Xunta de Compensación, definirá a forma e condicións de pagamento daquelas.

2. A contía de tales aportacións será proporcional ás cotas de participación establecidas pola asemblea xeral, conforme ó disposto no artigo 38º destes estatutos, ou das súas modificacións posteriores.

3. Salvo acordo en contrario, o ingreso das cantidades a satisfacer polos membros da Xunta de Compensación realizarase dentro do prazo de 1 mes seguinte á data da notificación do acordo do Consello Rector; e transcorrido o dito prazo, o moroso incorrerá nun recargo consistente no 10% da cantidade ou fracción non aboada, debendo ingresar a totalidade da cantidade debida, incluído o correspondente recargo, no prazo de 1 mes contado dende o requirimento que o Consello Rector lle practique para tal efecto.

4. Transcorrido este último termo sen que se efectuara o pagamento da achega axeitada e do recargo, o Consello Rector procederá contra o moroso por vía de constrinximento, por vía xudicial ou utilizando o dereito de expropiación a que se refire o artigo 4.I.D) destes estatutos, e para este efecto expedirase polo Secretario do Consello Rector, co visto e praxe do Presidente, a correspondente certificación, que terá eficacia executiva. En todo caso, dende o remate do período voluntario de pagamento ata a efectividade deste, o membro moroso quedará en suspenso respecto ó exercicio dos seus dereitos dentro da Xunta de Compensación.

5. Os expedientes de constrinximento ou de expropiación forzosa serán tramitados polo órgano urbanístico de control, a solicitude da Xunta de Compensación, segundo o previsto nos artigos 159.3 da LOUGA e 181 e concordantes do RXU.

Artigo 51º.- Actuación.

A actuación da Xunta de Compensación desenvolveuse conforme a normas de economía, celeridade e eficacia, e mediante a prestación persoal dos seus compoñentes, salvo que dita prestación fose insuficiente ou demasiado onerosa para os que desempeñen cargos sociais, suposto no cal o Consello Rector acordará o procedente, dentro dos recursos económicos autorizados pola asemblea xeral.

Artigo 52º.- Beneficios fiscais.

De conformidade co establecido no artigo 158.4 da LOUGA, as transmisións de terreos que se realicen en virtude de expropiación forzosa, pola non incorporación á Xunta de Compensación ou o incumprimento polos membros desta das obrigas a que están afectos, e as adxudicacións dos predios resultantes que se realicen no proxecto de compensación, en proporción ás achegas realizadas, gozarán das exención tributarias que establezca a Lexislación Estatatal ou Autonómica correspondente, en especial as previstas nos artigos

159.4 do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, e 171 do RXU.

TITULO X DO RÉXIME XURÍDICO

Artigo 53º.- Vixencia das bases de actuación e dos estatutos.

1. Unha vez aprobado definitivamente polo órgano urbanístico de control o proxecto de bases de actuación e estatutos da Xunta de Compensación e inscrita esta no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CPTOPT da Xunta de Galicia, o seu contido terá natureza obrigatoria para a Administración e os membros da Xunta de Compensación.

2. Calquera modificación dos estatutos que a asemblea xeral acorde, de conformidade co disposto no artigo 16.E), requirirá a aprobación do órgano urbanístico de control e a súa inscrición no rexistro citado para producir efecto.

Artigo 54º.- Executoriedade.

Os actos e acordos dos órganos de goberno e administración da Xunta de Compensación serán executivos, salvo aqueles que precisen autorización ulterior de órganos urbanísticos.

Artigo 55º.- Afección rexistral.

De conformidade co disposto polos artigos 158.1 da LOUGA e 169 do Regulamento de Xestión Urbanística e concordantes do Real Decreto 1.093/1997 a afección dos terreos comprendidos no ámbito da Xunta de Compensación farase constar, a solicitude desta, por nota marxinal no rexistro da propiedade.

Artigo 56º.- Recursos administrativos.

1. Os acordos do Consello Rector poderán ser impugnados polos membros da Xunta de Compensación, ante a asemblea xeral, dentro do prazo de un mes seguinte á notificación daqueles, debendo resolver a asemblea xeral no termo de tres meses a partir da formulación do recurso, e, no suposto de non adoptarse acordo pola asemblea xeral no prazo indicado, entenderase desestimado o recurso.

2. Contra os acordos, expresos ou tácitos, da asemblea xeral, poderá formularse recurso de alzada ante o órgano urbanístico de control dentro do prazo de un mes seguinte á data de notificación do acordo, conforme ó disposto nos artigos da 155.7 da LOUGA e 184 do Regulamento de xestión urbanística, ou do transcurso do prazo sinalado para a desestimación presunta, debendo concederse audiencia á Xunta de Compensación con carácter previo á resolución do recurso.

Artigo 57º.- Responsabilidade da Xunta de Compensación.

1. A Xunta de Compensación será directamente responsable, fronte ó órgano urbanístico de control, da

urbanización completa e, no seu caso, da edificación dos solares resultantes cando así se houberse establecido, nos prazos legalmente establecidos nos termos da lexislación vixente (artigos 159 e 189 da LOUGA) e das demais obrigas resultantes do planeamento.

2. A responsabilidade de dita obrigación de urbanizar será esixible tanto no que afecte ás características internas da obra executada coma ós prazos en que esta deba rematarse e entregarse á Administración.

3. No suposto de que a Xunta de Compensación incorra en infraccións que teñan que cualificarse de graves, haberá que aterse ó disposto no artigo 183 do Regulamento de Xestión Urbanística.

Artigo 58º.- Interdictos de reter e recobrar.

Os membros da Xunta de Compensación non poderán promover interdictos de reter e recobrar a posesión fronte ás decisións daquela adoptadas en virtude da facultade fiduciaria de disposición sobre os predios daqueles.

Tampouco procederá a acción interdictal cando a Xunta de Compensación ocupe bens que sexan precisos para a execución das obras de urbanización, de conformidade co plan que se execute (artigo 185 do RXU).

TITULO XI

DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 59º.- Disolución.

1. A Xunta de Compensación disolverase polo cumprimento do seu obxecto, requirindo, en todo caso, acordo do órgano urbanístico de control.

2. Non poderá aprobarse a disolución das Xuntas de compensación mentres non conste o cumprimento total das obrigas a que estea afectada.

3. O Consello Rector estará facultado, coas limitacións que a asemblea xeral acorde, para realizar as operacións subseguintes á disolución.

4. Non obstante, a Xunta de Compensación poderá transformarse, segundo prevé o artigo 47.2 destes estatutos, nunha entidade urbanística colaboradora de conservación, previa aprobación do órgano urbanístico de control.

Artigo 60º.- Liquidación.

Acordada validamente pola asemblea xeral a disolución da Xunta de Compensación e obtida a aprobación do órgano urbanístico de control, o Consello Rector procederá á súa liquidación, con observancia das instrucións dictadas pola asemblea xeral.

Artigo 61º.- Destino do patrimonio común.

O patrimonio común da Xunta de Compensación, se o houbera, distribuirase entre os seus membros en proporción ás súas cotas de participación en dita Xunta, incluso no suposto de transformación da Xunta de Compensación en entidade urbanística colaboradora de

conservación, sen que se lle atribúa a esta o patrimonio residual daquela.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Unha vez inscrita a Xunta de Compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CPTOPT da Xunta de Galicia, entregárase a cada un dos membros daquela un exemplar dos estatutos da Xunta de Compensación debidamente dilixenciados polo Presidente e Secretario da mesma.

Segunda.- Na primeira sesión ordinaria da asemblea xeral someteranse a coñecemento e ratificación, no seu caso, pola mesma as actuacións anteriores da promoción."

B) BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO Nº 2 DO SECTOR II DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SUNP 'IN-G'.

1.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1.1.- DE ACHEGAS.

1.1.1. Os criterios para valorar os predios achegados á Xunta de Compensación serán os establecidos nos artigos 23 e seguintes da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (modificada pola Lei 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e transportes), 116 da LOUGA, e 86, 105 e concordantes do Regulamento de Xestión Urbanística.

1.1.2. A definición das cotas de participación das empresas urbanizadoras que, no seu caso, se incorporen á Xunta de Compensación será proporcional ó importe da súa aportación económica e ó valor do solo afectado.

1.1.3. O artigo 38 dos estatutos da Xunta de Compensación desenvolve a normativa sobre as cotas de participación dos seus membros.

1.2 DE DEREITOS REAIS E PERSOAIS.

1.2.1. Os dereitos reais sobre os predios, servidumes prediais e dereitos persoais que afecten ós bens integrados no ámbito da Xunta de Compensación serán valorados conforme ó disposto no artigo 32 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

1.2.2. Cando tales dereitos sexan incompatibles coa execución do planeamento deberán extinguirse no proxecto de compensación, satisfacéndose o seu valor ós titulares interesados con cargo ó proxecto de urbanización.

1.2.3. Se fora posible o seu mantemento, haberá que aterse ó disposto nos artigos 38.5º. e 39 e concordantes dos estatutos da Xunta de Compensación, e en todo caso, á regulación establecida ó efecto polo artigo 119 da LOUGA e lexislación hipotecaria de aplicación.

1.3. DOS ELEMENTOS.

1.3.1 A valoración das edificacións, obras, plantacións e instalacións que deban derruírse realizarase aplicando a lexislación xeral expropiatoria, de conformi-

dade co disposto no artigo 31 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

1.3.2 O artigo 38.8º dos estatutos da Xunta de Compensación remite ó proxecto de compensación o momento de proceder á valoración de tales bens e dereitos, a contía dos cales non influirá na determinación das cotas de participación dos membros da Xunta de Compensación.

1.4. DE ACHEGAS DE EMPRESAS URBANIZADORAS.

1.4.1. Os artigos 156.2 da LOUGA e 165 do Regulamento de Xestión Urbanística prevén a posible incorporación de empresas urbanizadoras que teñan que participar cos propietarios na xestión urbanística, achegando total ou parcialmente os recursos económicos para ela.

1.4.2. Os estatutos da Xunta de Compensación, en diversos artigos, contemplan tal incorporación; e o artigo 9.3º daqueles puntualiza que a cota de participación da empresa ou empresas urbanizadoras fixarase en función da súa aportación económica e a proporcionalidade desta co valor do solo, estimado conforme ó disposto nos artigos 23 e seguintes da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (modificada pola Lei 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e transportes).

1.5. DAS PARCELAS RESULTANTES.

1.5.1. O proxecto de compensación que a Xunta de Compensación ten que elaborar con obxecto de proceder á adxudicación das parcelas resultantes da actuación urbanística realizárase conforme ós criterios sinalados nas bases de actuación, segundo dispón o artigo 172 do Regulamento de Xestión Urbanística.

1.5.2. O artigo 167.1.F) do citado regulamento dá como referencia para proceder a tal valoración o aproveitamento do polígono ou unidade de actuación, sendo de aplicación o disposto nos artigos 116-1F) LOUGA e 23 e seguintes da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

Pois ben, o artigo 116-1F) da LOUGA prescribese para a determinación do valor das parcelas resultantes considerárase o de repercusión en parcela, determinado na forma que sinala a normativa sobre fijación do valor catastral. Si o valor básico de repercusión non estivese fixado pola Administración Tributaria conforme ás determinacións do plan en execución, ou houberse perdido a súa vixencia, calculárase aplicando os valores de repercusión obtidos polo método residual, tendo en conta o disposto na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre o réxime do solo e valoracións (modificada pola Lei 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e transportes).

1.5.3. En caso de ausencia de coeficientes de ponderación e de criterios correctores, estes determinarase no correspondente proxecto de compensación.

1.6. REGRAS PARA A ADXUDICACIÓN DAS PARCELAS RESULTANTES.

1.6.1. A adxudicación das parcelas resultantes ós membros da Xunta de Compensación ha de facerse en función das cotas de participación dos mesmos, debendo observarse as prescricións dos artigos 87 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística, e 116 da LOUGA.

1.6.2. Cando o dereito dalgún dos membros da Xunta de Compensación non queda esgotado coas adxudicacións independentes que ó seu favor se fagan, procederase a realizar adxudicacións pro indiviso, suxeitas ás normas da comunidade de bens dos artigos 392 e seguintes do Código civil.

1.6.3. De conformidade co establecido nos artigos 116-1 g) da LOUGA e 95 do RXU, procurárase, sempre que o consintan as esixencias da parcelamento, que as parcelas adxudicadas estean situadas no lugar máis próximo posible ó das antigas propiedades dos mesmos titulares; salvo que estas se atopen localizadas en máis do 50% da súa superficie en terreos destinados polo planeamento urbanístico a viais, zonas verdes ou outros usos incompatibles coa propiedade privada, suposto este no que a regra considerárase non necesariamente aplicable.

2. SUPOSTOS VARIOS.

2.1. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN.

2.1.1. O sistema de compensación ten por obxecto a xestión e execución da urbanización do ámbito do polígono ou da unidade de actuación de referencia; na súa virtude, é de relevante importancia a execución das obras de urbanización e o sinalamento do procedemento para a súa contratación.

2.1.2. O artigo 4.1.C) dos estatutos enumera as formas de adxudicación directa, concurso, concurso-poxa e poxa como de posible utilización, quedando reservada á competencia da asemblea xeral a decisión sobre o procedemento a utilizar en cada caso, pero en todo caso con respecto ós principios de publicidade e concurrencia a que se refire o artigo 133 da LOUGA.

2.2 INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS.

2.2.1. Ademais da expropiación forzosa dos bens e dereitos daqueles titulares que non se integren, en tempo e forma hábiles, na Xunta de Compensación, procederá tamén a expropiación nos seguintes supostos de incumprimento das súas obrigas polos membros da Xunta de Compensación:

A) Falta de pagamento das cantidades sinaladas polo Consello Rector, na forma prevista polos artigos 41 e 50 dos estatutos da Xunta de Compensación.

B) Negativa ó outorgamento dos documentos necesarios para formalizar as cesións obrigatorias resultantes do planeamento urbanístico.

C) Formulación de interdictos de reter e recobrar a posesión no suposto do artigo 185 do Regulamento de Xestión Urbanística.

D) Negativa ó pagamento das multas impostas por infraccións urbanísticas de que sexan subxectivamente responsables.

E) Cantas resulten da lexislación urbanística e comporten tal sanción.

2.2.2. O procedemento expropiatorio será o regulado na LOUGA e na Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954, e Regulamento do 26 de abril de 1957, axustado o disposto nos artigos 23 e seguintes da Lei 6/1998, sobre o réxime de solo e valoracións, tendo a Xunta de Compensación a calidade de beneficiaria (modificada pola Lei 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e transportes).

2.3. ACHEGAS DOS MEMBROS.

2.3.1. Os titulares de bens e dereitos integrados na Xunta de Compensación, así como as empresas urbanizadoras incorporadas, no seu caso, á mesma, virán obrigadas a realizar as achegas -en metálico, terreo ou industria- que acorde a asemblea xeral e na forma determinada polo Consello Rector.

2.3.2. O Título IX dos estatutos da Xunta de Compensación regula o réxime económico, establecendo o seu artigo 50 a normativa a observar no pagamento das achegas, que serán proporcionais ás cotas de participación.

Salvo acordo en contrario, o ingreso das cantidades a satisfacer polos membros da Xunta de Compensación realizarase dentro do prazo de 1 mes seguinte á data da notificación do acordo do Consello Rector; e transcorrido dito prazo, o moroso incorrerá nun recargo do 10% da cantidade ou fracción non aboada, debendo ingresar a totalidade da cantidade debida e do recargo no prazo de 1 mes, que comenza a contar dende o requirimento que o Consello Rector lle practique para tal efecto.

2.3.3. Transcorrido este último termo sen se ter efectuado o pagamento da achega debida e dos xuros acumulados, o Consello Rector procederá na forma prevista polo artigo 181 do Regulamento de xestión urbanística.

2.4. DISTRIBUCIÓN DE BENEFICIOS E PERDAS.

2.4.1. Na memoria e contas de cada exercicio económico, a formulación anual das cales compete ó Consello Rector para a súa aprobación ulterior pola asemblea xeral, debería conterse o balance de beneficios e perdas correspondente á actuación da Xunta de Compensación no período a que se refiran os documentos contables.

A asemblea xeral poderá transferir ó exercicio económico seguinte tales resultados, ou ben distribuír entre os membros da Xunta de Compensación os beneficios obtidos ou as perdas producidas; sinalando neste segundo suposto a forma e contía do pagamento das cotas extraordinarias.

2.4.2. Chegado o momento da disolución da Xunta de Compensación, o artigo 61 dos estatutos prevén a distribución entre os membros daquela, en proporción ás súas cotas de participación, do patrimonio común.

Se en tal momento existiran obrigacións pendentes de cumprimento deberá procederse á súa cancelación

antes de que o órgano urbanístico de control aprobe a disolución da Xunta de Compensación.

2.5. COMPENSACIÓN A METÁLICO DAS DIFERENCIAS DE ADJUDICACIÓN.

2.5.1. Nos supostos dos artigos 89 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística, cando teña que establecerse unha compensación en metálico por diferencias, en máis ou en menos, de adjudicación, as cantidades correspondentes determinaranse en función do valor do solo segundo resulta dos artigos 116 da LOUGA e 88 do Regulamento de Xestión Urbanística e artigos 1.5.2 e 1.5.3 destas bases de actuación, e 23 e seguintes da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (modificada pola Lei 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e transportes).

2.5.2. Tales compensacións determinaranse no proxecto de compensación conforme ó disposto no artigo 172.e) do Regulamento de xestión urbanística.

2.6. EDIFICACIÓN DE SOARES.

2.6.1. O artigo 167.l.m) do Regulamento de xestión urbanística contempla o suposto da edificación sobre soares aportados ou adjudicados, tanto polos propietarios como polas empresas urbanizadoras; isto sen prexuízo da solicitude da licenza municipal preceptiva e ata a recepción polo Concello.

2.6.2. Os artigos 41 e 42 do Regulamento de xestión urbanística prevén que en solo urbano ou urbanizable os propietarios de terrenos incluídos no polígono ou unidade de actuación de referencia poderán solicitar licenza de edificación antes de que adquiran a condición de soar, sempre que se dean os requisitos que ditos preceptos sinalan; sen que se permita a ocupación dos edificios ata tanto non estea realizada totalmente a urbanización que afecte ós edificios obxecto da licenza e estean en condicións de funcionamento os servizos de auga, saneamento e enerxía eléctrica. Sendo de aplicación o disposto no artigo 20.2 de LOUGA no suposto de terreos clasificados como solo urbano non consolidado.

2.6.3. O incumprimento do deber de urbanización levará consigo a caducidade da licenza, sen dereito a indemnización e sen prexuízo dos demais efectos contemplados nos artigos mencionados do citado regulamento.

2.6.4. No suposto de ser esixidas garantías económicas pola Corporación municipal, a súa prestación será feita polos solicitantes das licencias.

2.7. EXACCIÓN DE COTAS DE CONSERVACIÓN.

2.7.1. Unha vez executadas as obras de urbanización pola Xunta de Compensación, procederase á súa recepción polo órgano urbanístico de control na forma prevista polos artigos 180 do regulamento de xestión urbanística, 47 dos estatutos e 110.5 da LOUGA.

2.7.2. A conservación de tales obras de urbanización e mantemento das dotacións e instalacións dos servizos públicos, unha vez formalizada tal recepción e transcorrido o correspondente prazo de garantía, será

a cargo da Administración local actuante, de conformidade co establecido no artigo 47 dos estatutos.

2.8. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PLANEAMENTO.

2.8.1. Do Plan resulta un polígono para os efectos de xestión denominado Polígono nº 2 do sector II do SUNP "IN-G", integrado no referido instrumento de planeamento, ó cal se axustará a actuación, segundo intensidades sinaladas no devandito planeamento."

Lugo, 16 de xuño de 2009.- O ALCALDE, P.D. A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, (Decreto Alcaldía nº 74/2008), María Novo Pena.

R. 03566

Anuncio

Para dar cumprimento ó establecido no artigo 141.4 do Real Decreto 2.159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento urbanístico, faise pública a aprobación definitiva do "proxecto de obras ordinarias y completamiento de servicios en Illa da Toxa, Illa Formenteira", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día dez de xuño de dous mil nove.

Contra o citado acordo caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á da publicación da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 116 da Lei 30/1992).

Lugo, 15 de xuño de 2009.- O Alcalde, P.D. O tenente de Alcalde delegado da Área de Infraestructuras (Decreto Alcaldía número 74/2008), José Fernando Piñeiro Díaz.

R. 03627

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

- 1.- Entidade adxudicadora.
 - a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
 - b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.
- 2.- Obxecto do contrato.
 - a) Tipo de contrato: Obras.
 - b) Descrición do obxecto: Contratación das obras de saneamento en Carvalho Calero.
- 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
 - a) Tramitación: Urxente.
 - b) Procedemento: Negociado.
- 4.- Tipo de licitación:
 - a) Orzamento máximo do contrato: 159.723,06 euros.
- 5.- Adxudicación provisional:
 - a) Data: 17-04-2009.
 - b) Contratista: CANALUGO, S.L.
 - c) Nacionalidade: Española.
 - d) Orzamento máximo do contrato: 159.723,06 euros.
- 6.- Adxudicación definitiva:
 - a) Data: 26-5-2009.
 - b) Contratista: CANALUGO, S.L.
 - c) Nacionalidade: Española.
 - d) Orzamento máximo do contrato: 159.723,06 euros.

Lugo, 23 de xuño de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía núm. 64/2007), Sonia Méndez García.

R. 03628

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

- 1.- Entidade adxudicadora.
 - a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.
 - b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.
- 2.- Obxecto do contrato.
 - a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Contratación das obras de urbanización da Avenida Duquesa de Lugo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Negociado.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: 229.538,48 euros.

5.- Adxudicación provisional:

- a) Data: 17-04-2009.
- b) Contratista: CANALUGO, S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Orzamento máximo do contrato: 229.538,48 euros.

6.- Adxudicación definitiva:

- a) Data: 29-5-2009.
- b) Contratista: CANALUGO, S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Orzamento máximo do contrato: 229.538,48 euros.

Lugo, 23 de xuño de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía núm. 64/2007), Sonia Méndez García.

R. 03633

OUROL

DECRETO Nº 168/2009

DON MARCIAL SANJURJO FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

De conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en base ao contido competencial do artigo 21.1 s), RESOLVO:

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para o exercicio da potestade sancionadora atribuída polo artigo 22.1 d) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Mándoo e asínoo en Oourol, a dezanove de xuño de dous mil nove.- O Alcalde-Presidente, ilexible.

R. 03611

PALAS DE REI

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de fecha 5 de junio de 2009, se aprobó la adjudicación provisional del contrato de obras de "pavimentación y servicios en las calles San Tirso, Molino, Dulceiro, Castelao, Eduardo Seijas, Amando Losada, Plaza Ulloa y C/. de la Paz" lo que se publica a los efectos del artículo 135.3 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.

1. Entidad adjudicadora.

a) Organismo: Ayuntamiento de Palas de Rei.
b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.

c) Número de expediente: 8/2009

2. Objeto del contrato:

a) Descripción del objeto: Pavimentación y servicios en las calles San Tirso, Molino, Dulceiro, Castelao, Eduardo Seijas, Amando Losada, Plaza Ulloa y C/. de la Paz.

b) Plazo de ejecución: 2 meses.

3. Tramitación, procedimiento.

a) Tramitación: Ordinaria.
b) Procedimiento: Negociado sin publicidad.

4. Precio del contrato.

Precio 77.133,50 euros y 12.341,36 euros de IVA.

5. Adjudicación provisional.

a) Fecha: 5 de junio de 2009

b) Contratista: Obras y Viales de Galicia, S.L.

c) Nacionalidad: Española

d) Importe de adjudicación: 77.133,50 euros y 12.341,36 euros IVA.

En Palas de Rei, a 5 de junio de 2009. El Alcalde, Fernando A. Pensado Barbeira.

R. 03626

POBRA DO BROLLON

Edicto

BASES PARA A ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR:

1º) Requisitos:

- Ser español, maior de idade e non estar impedido nin física nin psiquicamente para o cargo.

- Non estar condenado por delito doloso mentres non se obtivese a rehabilitación, nin estar procesado ou inculpado por delito doloso mentres non resulte absoluto ou se dicte acto de sobresemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís.

2º) Solicitude:

Farase no impreso que para os efectos se facilitará nas oficinas municipais conforme o seguinte modelo ou

ben descargando o impreso da páxina web do Concello www.pobradobrollon.es

D. ..., maior de idade, veciño de ..., con domicilio en ..., con D.N.I. vixente número ..., e teléfono número ...,

EXPÓN:

Que ten coñecemento polo edicto publicado no B.O.P. número ..., de data ..., da apertura do prazo de solicitudes para designa-la persoa que ocupe o posto de Xuíz de Paz titular deste Concello.

Que non se encontra en ningún dos casos previstos de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño do cargo.

Que alega os seguintes méritos, e xunta á presente solicitude a seguinte documentación:

...

Que crendo acada-los requisitos legais para o desenvolvemento de dito cargo,

SOLICITA:

Ser nomeado Xuíz de Paz titular da Pobra de Brollón.

(Lugar, data e sinatura)

Sr. Alcalde da Pobra de Brollón.

3º) Prazo e lugar de presentación:

No rexistro municipal no prazo de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación do edicto no BOP de dez a catorce horas.

4º) Documentación a xuntar:

- Certificación da acta de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.

- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980.

- Certificacións ou copias compulsadas de títulos académicos.

- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

5º) Criterios de elección.

As prioridades establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

A Pobra do Brollón, 22 de xuño de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 03630

PORTOMARIN

Información pública

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa polo subministro de agua/lixo 2º bimestre/2009.

Expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un

mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 15/06/2009 ata o 31/07/2009.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Caixa - Galicia de Portomarín en horario de 9:30 a 14:00 h.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, 15 de xuño de 2009.- A Alcaldesa, Silvia Rodríguez Díaz.

R. 03623

SARRIA

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión ordinaria celebrada con data do 28-5-2009, aprobou definitivamente o estudo de detalle para a definición das aliñacións e rasantes e a ordeación de volumen na finca denominada "Chousas de Afora", emprazada no camiño de Lamalonga (Oural), redactado pola arquitecta Dna. Lucía Fernández Rodríguez, e promovido por D. Manuel Fernández Pontón.

O acto de aprobación definitiva do citado estudo de detalle foille comunicado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda na data 22 de xuño do 2009, en cumprimento do disposto polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004.

Así mesmo, de acordo co sinalado no artigo 92.2º da citada Lei, faise público o anuncio de aprobación definitiva no BOP de Lugo.

Contra o acordo de aprobación definitiva do devandito estudo de detalle poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, todo iso sen

prexuízo de que se poida exercer calquera outro que se coide procedente.

O que se publica para xeral coñecemento e para producir os efectos previstos neste acordo.

Sarria, 22 de xuño do 2009.- O Alcalde, Claudio Melquíades Garrido Martínez.

R. 03617

XOVE

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 19 de xuño de 2009 aprobouse o expediente de modificación de créditos número 8/2009 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por importe de 356.200,00 euros.

De conformidade co establecido no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co 169 do mesmo texto legal, expose ó público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerárase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, a 19 de xuño de 2009.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 03612

COMUNIDAD DE USUARIOS DE FRONTON, OUTEIRO E LENDORRIO

Anuncio

Ramón Gómez Queiruga, como representante da comunidade de usuarios de Frontón, Outeiro e Lendorrio, Concello de Pantón convoca os usuarios de auga de consumo domestico dos lugares de Frontón, Outeiro e Lendorrio, pertencentes a parroquia de Frontón, Pantón, a asamblea de constitución da comunidade de usuarios e aprobación de estatutos pola que se rexirá a mesma, na casa do pobo do lugar de Frontón, o día 26 de xullo as 18 horas.

R. 03634

Administración de Justicia

Juzgado de lo Social núm. 3 de Lugo

Edicto

Cédula de notificación

DOÑA EMETERIA QUIÑONES CAMPO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO TRES DE LUGO.

Hace saber: Que en la autos nº 442/2008, ejecución nº 151/2009, seguida ante el Juzgado de lo Social nº 3 de Lugo, a instancia de D. OSCAR FERNÁNDEZ IGLESIAS, contra la empresa "DESARROLLOS CONST. URBACONS, S.L.", sobre DESPIDO, con fecha 12.06.09, se ha dictado auto, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"Debo declarar y declaro a la empresa demandada y ejecutada "DESARROLLOS CONSTRUCTIVOS URBACONS, S.L." insolvente por ahora, en sentido legal, para las resultas de este procedimiento, sin perjuicio de que se hagan efectivas las responsabilidades exigidas si en lo sucesivo mejora de fortuna.

Notifíquese esta resolución a-las partes y al Fondo de Garantía Salarial, con la advertencia de que no es definitiva, pudiendo en cualquier tiempo en que se conozcan bienes de la demandada y ejecutada, instar el embargo de los mismos; y archívense por ahora estas diligencias.

Contra la presente resolución cabe interponer recurso de reposición ante este Juzgado en el plazo de cinco días.

Así por este auto, lo acuerda, manda y firma el Ilmo. Sr. don Pedro J. Rabanal Carbajo, Magistrado del Juzgado de lo Social número tres de Lugo y su provincia; doy fe.- EL MAGISTRADO JUEZ.- Pedro F. Rabanal Carbajo.- Rubricado.- LA SECRETARIA JUDICIAL.- Emeteria Quiñones Campo.- Rubricado."

Y para que sirva de notificación a EMPRESA "DESARROLLOS CONST. URBACONS, S.L.", en ignorado paradero, con el apercibimiento del art. 59 de la Ley de Procedimiento Laboral, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia.

Lugo, doce de junio de dos mil nueve.- LA SECRETARIA JUDICIAL, ilegible.

R. 03586

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año36,06 €
Al semestre24,04 €
Más gastos de envío

Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas.....0,60 €
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas0,90 €
Por ejemplar de más de 12 páginas1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
- Importe mínimo de publicación6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."